

**Lucía Artime Alonso, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:**

Que dos datos e documentos obrantes nesta Secretaría ao meu cargo, resulta acreditado que con data 17 de decembro de 2025, a Alcaldía deste Concello ditou o decreto num. 3949/2025, que literalmente di:

**“DECRETO DE ALCALDÍA**

**ASUNTO:** APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO E A HOSTALARÍA DO CONCELLO DE AMES A TRAVÉS DOS BONOS CONSUMA 2025.

**Expediente:** 20316/2025

**ANTECEDENTES**

O 23/02/2023, en sesión ordinaria, o Pleno do concello aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ames para o período 2023-2025.

O 27/11/2025 o Pleno da Corporación aproba incluír para o exercicio 2025 na liña de axudas para os “Bonos Consuma 2025” o importe da anualidade 2025 de 60.000,00 € non incluída no Plan, xa que o plan unicamente tiña prevista unha convocatoria para o ano 2023. Deste xeito, na 6ª e última modificación aprobada polo Pleno de 27.11.2025 acórdase introducir o importe da anualidade 2025 para a subvención “Bonos Consuma 2025”.

O 15/12/2025, mediante providencia da Alcaldía, dáse inicio ao expediente de aprobación das bases da bases de axudas á reactivación económica do comercio e a hostalaría do concello de Ames a través dos “Bonos Consuma 2025” e solicítase que pola Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación das bases, que pola interventora se expida certificado da existencia de crédito axeitado e suficiente para atender o gasto derivado da concesión da devandita subvención, e que polo Departamento de Promoción Económica se redacte o borrador de bases que rexerán a convocatoria da antedita subvención en réxime de concorrancia non competitiva.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 38/2003, de 28 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade de subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do orzamento municipal.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (Boletín Oficial da Provincia núm. 23 do 4 de febreiro de 2025).

**FUNDAMENTOS LEGAIS**

**Primeiro.- Obxecto da convocatoria.**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento e a regulación das axudas que o Concello de Ames outorgará, mediante o procedemento de concorrancia non competitiva, previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a persoas maiores de 18 anos, para **promover a reactivación económica a través do consumo nos establecementos locais de**

**comercio e hostalería** do municipio que se adhiran á iniciativa mediante o procedemento descrito nas bases reguladoras.

**1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.**

- Propiciar o fortalecemento do sector comercial retalista e a hostalaría de Ames, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras de bens en comercios e o consumo nos establecementos de hostalaría amiense.

**1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.**

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos de segundo nivel:

- Apoiar ao sector comercial e da hostalaría do municipio de Ames nas Festas de Nadal, tratando de impulsar o consumo local a través da posta en marcha do funcionamento dos BONOS CONSUMA. Os BONOS CONSUMA poderán ser utilizados polas persoas físicas maiores de idade nos establecementos comerciais retalistas radicados en Ames que se adhiran ao programa, beneficiando do mesmo xeito ao tecido empresarial e aos consumidores amienses.

**Segundo.- Fundamento competencial.**

O Concello de Ames, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento e dinamización do comercio de proximidade, principalmente mediante a posta en marcha de subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares nos casos nos que os servizos ou actividades dos mesmos complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no mesmo sentido o mesmo artigo 25 da Lei 27/2013 de 27 de Decembro de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en concreto o apartado i) fixa competencias en Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, podéndose encadrar a actividade comercial nesta competencia.

**Terceiro.-** En base ao establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo servizo de promoción económica elaboráronse as bases para axudas á reactivación económica do comercio e a hostalaría do concello de Ames a través dos Bonos Consuma 2025.

**Cuarto.-** No Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025 aprobado polo Pleno de 23.02.2023, sendo a súa 6ª e última modificación aprobada polo Pleno de 27.11.2025 recóllese a seguinte liña de axudas:

| LINEA DE SUBVENCIÓN     | OBXECTIVOS                                              | EFFECTOS PRETENDIDOS                                                                                                                                                                                    | DESTINATARIOS                    | PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS | CUSTE ANUAL PREVISTO 2023 | CUSTE ANUAL PREVISTO 2024 | CUSTE ANUAL PREVISTO 2025 | FUNCIONAL | ECONÓMICA | FINANCIACIÓN                                  | PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN                                                            |
|-------------------------|---------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|------------------------------|---------------------------|---------------------------|---------------------------|-----------|-----------|-----------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
| Subvención Bonos Cosuma | Fomentar o consumo local e dinamizar a contorna urbana. | Fortalecemento do sector comercios retalistas e a hostalaría de Ames, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras de bens en comercios e o consumo nos establecemento de hostalaría Amiense. | Persoas físicas maiores de idade | 2023-2025                    | 61.000,00                 | 60.000,00                 | 60.000,00                 | 4314      | 48000     | Fondos propios con cargo á funcional sinalada | Concesión directa, orden de solicitude. Se actúa a través de entidades colaboradoras |

**Quinto.-** A autorización e disposición do gasto realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4314.48000 do orzamento para 2024 prorrogado para 2025.

**Cuarto.- Réxime de concesión.**

A Lei 9/2007 de subvencións de Galicia establece no artigo 19.1 que o réxime xeral de concesións será a concorrência competitiva e deixa aberta a posibilidade de que "...As bases reguladoras poderán opoñer excepción do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
17/12/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732  
POSTO DE TRABAJO: secretaria  
Alcalde  
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E

NOME: Lucia Artime Alonso  
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS



requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da presente lei”.

A presente convocatoria de subvención recolle a forma de concesión de concorrencia non competitiva atenderase para a súa concesión a orde de entrada das solicitudes atendendo os requisitos dos beneficiarios, xa que non se produce unha valoración previa.

#### **Quinto.- Entidade colaboradora:**

O artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro, establece que será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos, en ningún caso, consideraranse integrantes do seu patrimonio.

Polo concello de Ames considerase adecuado xestionar estas axudas acudindo a figura da entidade colaboradora, ante a insuficiencia de medios no departamento de persoal e o coñecemento de Corporación Bancaria S.A. na realización de distintas campañas de promoción do comercio.

**Sexto.-** Tendo en conta as datas de inicio da campaña prevista para o 19.12.2025 é necesario aprobar canto antes as bases da convocatoria polo que a aprobación non se pode demorar ata a próxima Xunta de Goberno Local prevista para o 19.12.2024.

**Sétimo.-** Constan no expediente informes tanto da secretaría como da intervención municipal.

En base a todo o exposto, RESOLVO:

**Primeiro.-** Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras, que ven motivada pola necesidade de que a campaña se inicie durante a época de Nadal, data na que as persoas destinatarias poder facer uso dos bonos.

**Segundo.-** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas a reactivación económica do comercio e a hostalaría do concello de Ames a través dos Bonos Consuma 2025, que figuran como Anexo I deste acordo.

**Terceiro.-** Aprobar a convocatoria da subvención para a reactivación económica do comercio e a hostalaría do concello de Ames a través dos Bonos Consuma 2025.

**Cuarto.-** Aprobar o gasto por importe de 60.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 4314.48000 do orzamento municipal do exercicio 2024 en situación de prórroga para 2025.

**Quinto.-** Dispoñer e recoñecer as obrigas por importe de 60.000€ e ordenar o pagamento do importe íntegro da convocatoria a favor da entidade colaboradora Abanca Corporación Bancaria S.A. CIF A70302039.

**Sexto.-** Publicar as bases da convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS, a través do envío do extracto da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse íntegramente na páxina web do Concello de Ames.

**Sétimo.-** Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:  
secretaría  
Alcalde

NOME:  
Lucía Artime Alonso  
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E

Decretouno o Sr. Alcalde-Presidente, na data da súa sinatura dixital, do que eu, Sra. Secretaria deste Concello dou fe.

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Lucía Artime Alonso

## ANEXO I

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO E A HOSTALARÍA DO CONCELLO DE AMES A TRAVÉS DOS BONOS CONSUMA 2025**

|                                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|--------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Concellaría</b>                               | Promoción Económica                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| <b>Anualidade</b>                                | 2025                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| <b>Denominación</b>                              | Axudas á reactivación económica do comercio e a hostalaría do Concello de Ames a través dos Bonos Consuma 2025                                                                                                                                                                                      |
| <b>Beneficiarios</b>                             | Persoas físicas maiores de idade                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>Aplicación orzamentaria</b>                   | 4314.48000                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| <b>Importe da convocatoria</b>                   | 60.000,00€                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| <b>Importe da subvención que se vai conceder</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>– 5 € en compras iguais ou superiores a 10 € e inferiores a 30 €.</li><li>– 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.</li><li>– 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.</li></ul> Todas estas contías enténdense co IVE incluído. |

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dada a repercusión positiva que tiveron as anteriores edicións do programa Bonos Consuma do Concello de Ames, na reactivación das vendas no comercio de proximidade e a hostalaría amiense, facendo posible que numerosas persoas puidesen beneficiarse destas axudas, o concello de Ames vai proceder á convocatoria da edición 2025 do programa.

A finalidade desta edición é continuar estimulando a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do comercio retalista e a hostalaría, promovendo as compras de bens nos comercios locais e o consumo nos establecementos de hostalaría, paliando o impacto negativo derivado da crise económica, obxectivos estes que, no contexto da actual situación inflacionista, tamén terán un impacto positivo na economía das persoas consumidoras ao poderen beneficiarse de descontos nas compras que realicen no seu comercio de proximidade.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas a fomentar o consumo local e dinamizar a contorna urbana, de acordo cos principios de obxectividade, concorrência e publicidade.

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretaria  
Alcalde

NOME: LUCÍA ARTIME ALONSO  
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E



## 1. BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2025).

## 2.- BASES ESPECÍFICAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que o Concello de Ames outorgará, mediante o procedemento de concorrència non competitiva, previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a persoas maiores de 18 anos, para **promover a reactivación económica a través do consumo nos establecementos locais de comercio e hostalería** do municipio que se adhiran á iniciativa mediante o procedemento descrito nas presentes bases.

O programa BONOS CONSUMA ten como finalidade propiciar o fortalecemento do sector comercial retalista e a hostalaría de Ames, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras de bens en comercios e o consumo nos establecemento de hostalaría amiense e apoiar ao sector comercial e da hostalaría do municipio de Ames nas Festas de Nadal, tratando de impulsar o consumo local a través da posta en marcha do funcionamento dos BONOS CONSUMA.

Os BONOS CONSUMA poderán ser utilizados polas persoas físicas maiores de idade nos establecementos comerciais retailistas radicados en Ames que se adhiran ao programa, beneficiando do mesmo xeito ao tecido empresarial e aos consumidores amienses.

As vendas subvencionadas serán as que se realicen nas datas fixadas na base TERCEIRA.

Cada bono terá a consideración de bono desconto por un valor de ata 50 € para as compras realizadas nos comercios adheridos. Poderase usar cada bono ata o seu esgotamento ou, se é o caso, ata o esgotamento do crédito dispoñible no programa.

O importe do bono irase reducindo en función do valor da compra realizada de acordo cos seguintes criterios:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 10 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

As axudas que se concedan no marco do programa BONOS CONSUMA terán a consideración de subvencións a fondo perdido non reintegrables.

### SEGUNDA.- ORZAMENTO

O Concello de Ames destina a esta convocatoria 60.000,00 € en concepto de axudas directas á adquisición de bonos na aplicación 4314.48000 do orzamento municipal do exercicio 2024 en situación de prórroga para 2025, que se depositarán na conta designada pola entidade colaboradora nun único pagamento para a súa posterior distribución.

A entidade colaboradora seleccionada para a entrega e a distribución dos fondos é Abanca Corporación Bancaria, S.A., con CIF: A70302039.

### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Serán gastos subvencionables as compras ou pagos que as persoas beneficiarias realicen nos establecementos adheridos á campaña BONOS CONSUMA, cuxa relación será publicada na páxina web do Concello de Ames e na plataforma habilitada pola entidade colaboradora.
2. Os gastos subvencionables serán os realizados no período de duración da campaña, é dicir, entre o

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: 17/12/2025  
secretaría  
Alcalde

NOME: Lucía Artime Alonso  
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E

19 de decembro de 2025 e o 19 de febreiro de 2026, ou ata o esgotamento dos fondos.

#### CUARTA.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Con carácter xeral, as persoas beneficiarias das axudas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Persoas maiores de 18 anos.
- Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios coa AEAT e coa TXSS e co Concello de Ames, para o que será suficiente asinar unha declaración responsable.

#### QUINTA.- ALTA E REQUISITOS DOS COMERCIOS PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA

1. Os establecementos comerciais detallistas que desexen adherirse ao programa BONOS CONSUMA deberán rexistrarse na plataforma habilitada pola entidade colaborador ([www.bonosconsume.gal](http://www.bonosconsume.gal)) indicando a seguinte información:

- a. Nome e apelidos ou razón social.
- b. Establecemento comercial en Ames
- c. NIF/CIF.
- d. Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante.
- e. Nome comercial.
- f. Enderezo do establecemento comercial.
- g. Número de teléfono móbil.
- h. Correo electrónico.
- i. Epígrafe de IAE correspondente á actividade desenvolta no establecemento adherido dos incluídos no anexo I.
- j. IBAN da conta bancaria.
- k. Páxina web do establecemento comercial, no seu caso.

2. O prazo de adhesión dos comercios comprenderá desde o día 1 ata o 15 de decembro de 2025

3. Poderán adherirse ao programa BONOS CONSUMA os establecementos comerciais e de hostalaría do Concello de Ames:

- a. Que desenvolvan a súa actividade comercial en Ames (establecemento comercial en Ames) e reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.
- b. Que estean dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE recollidos no anexo I, excepto os espazos de gran distribución destinados á alimentación (hipermercados ou supermercados pertencentes a grandes cadeas), as estacións de servizo de combustible, as salas de xogo/ apostas. Quedarán tamén excluídos as farmacias e demais establecementos sanitarios, así como os estancos. A modo aclaratorio quedan incluídos dentro da campaña as ópticas, as clínicas veterinarias, os psicotécnicos, as clínicas dentais, os establecementos ortopédicos e as parafarmacias.
- c. Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade con lo previsto en el Regulamento (UE) 651/2014 de la Comisión, de 17 de xuño de 2014.

Os Bonos tampouco serán válidos para a compra en tendas on-line, a través de internet. A lista de establecementos adheridos á iniciativa publicarase tanto na plataforma habilitada pola entidade colaboradora coma na páxina web do Concello de Ames.

4. A alta e o uso da aplicación polas persoas comerciantes suporá a aceptación das condicións do seu uso e a información relativa ao tratamento de datos persoais conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A0A0D97  
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretaria  
Alcalde

NOME: Lucía Artime Alonso  
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E



5. As persoas comerciantes deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigadas a cumprir. O Concello de Ames poderá comprobar ou, se é o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

6. Non se admitirán nin se terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta orde.

7. O nome comercial e a localización dos establecementos adheridos ao programa BONOS CONSUMA farase pública na páxina web do concello.

8. Os establecementos e comercios adheridos ao programa recibirán cunha periodicidade semanal, na conta bancaria indicada para tal efecto, a cantidade equivalente aos bonos trocados no seu establecemento, agás no suposto previsto na base DECIMOSEXTA.

## **SEXTA. COMPROBACIÓN DE DATOS DAS ENTIDADES ADHERIDAS**

Poderán consultarse automaticamente os datos das entidades incluídas nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI ou NIE da persoa representante.

d) Certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a entidade solicitante, e os domicilios fiscais e sociais.

No caso de que a persoa interesada se opoña á súa consulta deberá achegar os documentos.

## **SÉTIMA. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DOS BONOS**

1. Os bonos estarán dispoñibles na web [www.bonosconsume.gal](http://www.bonosconsume.gal) para a súa descarga polas persoas usuarias desde o 19 de decembro de 2025 ata o 19 de febreiro de 2026 ou ata o esgotamento do importe da convocatoria.

2. Para a solicitude e a obtención dos bonos, cada persoa usuaria deberá darse de alta na plataforma habilitada pola entidade colaboradora Abanca Corporación Bancaria S.A que actúa como entidade colaboradora indicando a seguinte información:

a) Nome e apelidos.

b) Maioría de idade.

c) DNI ou NIE.

d) Localidade de residencia (código postal).

e) Número de teléfono móbil.

f) Correo electrónico.

3. O uso da páxina web e a descarga dos bonos polas persoas usuarias suporá a aceptación das condicións do seu uso e a información relativa ao tratamento de datos persoais conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.

4. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. O concello de Ames poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:  
secretaría  
Alcalde

NOME:  
Lucía Artime Alonso  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E

5. Así mesmo, as persoas usuarias deberán declarar responsablemente que están ao día do cumprimento das obrigas coa Facenda Pública do Estado e da Administración autonómica, coa Seguridade Social, así como co Concello de Ames

## **OITAVA. CONCESIÓN DE SUBVENCIONS E ADQUISICIÓN DE BONOS CONSUMA**

A entidade colaboradora será quen valide a solicitude de todas aquelas persoas que cumpran os requisitos, habilitándolles así a posibilidade de adquirir os BONOS CONSUMA bonificados polo Concello.

A recarga do BONOS CONSUMA levarase a cabo a través da plataforma habilitada pola entidade colaboradora e haberá de realizarse de forma inmediata tras a validación da solicitude.

A tramitación e validación de solicitudes do bono será levada a cabo pola entidade colaboradora por estrita orde de entrada das devanditas solicitudes. A adquisición do bono, por parte da persoa cuxa solicitude fose validada, implicará a concesión automática da axuda á devandita persoa.

Ningún bono ou importe do mesmo será devolto en caso perda ou deterioro.

En caso de roubo deberá comunicar inmediatamente esta circunstancia á entidade colaboradora para que proceda a bloquear o bono.

## **NOVENA. SISTEMA DE FUNCIONAMENTO DOS BONOS**

1. A descarga dos bonos polas persoas usuarias realizarase na plataforma habilitada pola entidade colaboradora Abanca Corporación Bancaria S.A., con domicilio social en Calle Cantón Claudino Pita Nº2, Betanzos-A Coruña e con CIF. -A70302039. Os bonos terán formato dixital a través dun código QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha APP que permita realizar pagamentos (Wallet ou similar).

2. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas usuarias, os/as comerciantes terán que descargar no seu móbil a APP BONOS CONSUMA

3. No momento da compravenda, os/as comerciantes terán que introducir na APP o importe e o concepto da venda, aparecendo automaticamente o importe que se vai cobrar (unha vez aplicado o desconto). Pola súa banda, as persoas usuarias deberán mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada.

4. Os bonos descargados poderanse utilizar ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance o orzamento desta convocatoria, 60.000,00€.

## **DÉCIMA. OBRIGAS DOS COMERCIOS RETALLISTAS ADHERIDOS AO PROGRAMA**

Os establecementos comerciais adheridos ao programa BONOS CONSUMA adquirirán, a través da solicitude de adherencia ao programa, as seguintes obrigas:

- a) Anunciar no escaparate, ou de non poder ser, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación da adhesivo coa imaxe corporativa do BONOS CONSUMA.
- b) Facer o desconto directo dos bonos nos tickets ou facturas de compra emitidos, de xeito que as persoas usuarias non cheguen a realizar, en ningún caso, o desembolso do importe descontado.
- c) Especificar por escrito na zona de caixa, de forma visible, a política de devolución establecida no punto 5 da base duodécima.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte do Concello de Ames para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.
- e) Conservar durante un ano todos os tickets ou facturas de compra xustificativas da aplicación dos bonos, en tanto poidan ser obxecto de comprobación e control por parte do Concello de Ames .
- f) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido, comprometéndose a non facilitarllas a outras persoas ou establecementos.

## **UNDÉCIMA. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN**

O departamento de Promoción Económica será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención.

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretario/a  
Alcalde

NOME: Lucía Artime Alonso  
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E



Corresponderalle ao alcalde do Concello de Ames ditar a resolución correspondente, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

#### **DUODÉCIMA. CONDICIÓN DE USO DOS BONOS**

1. Cada persoa beneficiaria disporá dun único bono, que poderá ser usado nun ou varios dos establecementos adheridos ao programa.

2. Cada bono terá un valor de ata 50 €. En función do importe das compras, poderán obterse os seguintes descontos:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 10 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

3. A validez dos bonos estenderase ata a finalización do período previsto na base decimocuarta, salvo previo esgotamento do seu saldo, ou ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance os 60.000,00 €.

4. A través da plataforma tecnolóxica do programa, os/as comerciantes terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das súas vendas, os bonos xa canxeados, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.

5. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un bono sen caducidade polo importe correspondente. O/a comerciante non poderá aboar á persoa consumidora, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

6. Non será aplicable o troco dos bonos para as compras en liña.

#### **DECIMOTERCEIRA. DATA DE DESCARGA DOS BONOS**

As bases e a convocatoria publicaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 de Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a través do envío do extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa remisión ao BOP.

Os bonos estarán dispoñibles na web da plataforma da entidade colaboradora para a súa descarga polas persoas usuarias desde o 19 de decembro de 2025 ata o 19 de febreiro de 2026, agás no caso de que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance o orzamento, 60.000,00 €.

O Concello de Ames poderá modificar as anteditas datas se razóns organizativas ou doutra índole así o aconsellasen, dándose a oportuna publicidade.

#### **DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO PROGRAMA**

O programa BONOS CONSUMA estará vixente ata o 19 de febreiro de 2026, ou ata o esgotamento dos fondos.

O Concello de Ames poderá modificar a devandita data se razóns organizativas ou doutra índole así o aconsellasen, dándose a oportuna publicidade.

#### **DECIMOQUINTA. INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN**

Co troco dos bonos na forma establecida na base DUODÉCIMA destas bases reguladoras, as axudas entenderanse concedidas.

#### **DECIMOSEXTA. XUSTIFICACIÓN E INSPECCIÓN**

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
17/12/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
17/12/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:  
secretaría  
Alcalde

NOME:  
Lucía Artime Alonso  
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E

O Concello de Ames, como responsable do programa, resérvase o dereito de realizar durante o período de vixencia dos bonos e a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control considere oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa BONOS CONSUMA .

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, o Concello de Ames poderá cancelar a adhesión destes ao programa. Neste caso comunicará a dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir o troco e paralizar o proceso de pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os comercios retalistas adheridos aos BONOS CONSUMA están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida polo Concello de Ames no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

#### **DECIMOSÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

As axudas obtidas ao abeiro desta orde serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras administracións públicas.

#### **DECIMOITAVA. INFORMACIÓN BÁSICA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da tramitación da convocatoria de axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través BONOS CONSUMA e a verificación dos datos achegados na solicitude, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento está baseada na realización dunha misión en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal establecida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os datos comunicaranse á entidade colaboradora ABANCA Corporación Bancaria, S.A. coa finalidade de poder tramitar os bonos dos que resulte beneficiaria a persoa solicitante.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito..

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

#### **DECIMONOVENA. INFORMACIÓN**

As persoas interesadas poderán obter información adicional a través das webs [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal) e [www.bonosconsuma.gal](http://www.bonosconsuma.gal)

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS**

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

- a) En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
- b) En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia o Concello remitirá á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as, co fin de que a incorpore

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretaria  
Alcalde

NOME: Lucia Artime Alonso  
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E



ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

## DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

## ANEXO I

### Grupos e epígrafes do IAE Actividade Comercio e Servizos:

- 641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
- 642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
- 643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca, da acuicultura e caracois.
- 644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.
- 645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.
- 647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
- 647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
- 651.1. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapizaría.
- 651.2. Comercio polo miúdo de toda clase de pezas para o vestido e toucado.
- 651.3. Comercio polo miúdo de lenzaría e corsetería.
- 651.4. Comercio polo miúdo de artigos de mercería e paquetería.
- 651.5. Comercio polo miúdo de pezas especiais.
- 651.6. Comercio polo miúdo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.
- 651.7. Comercio polo miúdo de confeccións de peletaría.
- 652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.
- 652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e artigos para a hixiene e o aseo persoal.
- 652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.
- 653.1. Comercio polo miúdo de mobles (agás os de oficina).
- 653.2. Comercio polo miúdo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como de mobles de cociña.
- 653.3. Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxaría, adorno, agasallo ou reclamo (incluíndo bixutería e pequenos electrodomésticos).
- 653.6. Comercio polo miúdo de artigos de bricolaxe.
- 653.9. Comercio polo miúdo doutros artigos para o equipamento do fogar NCOUP.
- 656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, roupa e enxoval ordinario de uso

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:  
secretaría  
Alcalde

NOME:  
Lucía Artime Alonso  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E

doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.1. Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais disecados.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiería, relojería, prataría e bixutería.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e toucado, armas, cartuchería e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

659.8. Comercio polo miúdo denominado sex-shop.

659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.

943. Consultas e clínicas de estomatoloxía e odontoloxía

945 . Consultas e clínicas veterinarias

972.1. Servizos de barbaría de señora e cabaleiro.

972.2. Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética.

973.1 Servizos fotográficos

967. Instalacións deportivas e escolas e servizos de perfeccionamento do deporte

969.1 Salas de baile e discotecas

969.5 Xogos de billar, pin pong, bolos e outros. Únicamente centros de ocio de carácter deportivo ou que permitan xogos en equipo. Non se inclúen salas de apostas ou xogos de azar.

981. Xardíns, parques de recreo ou de atraccións e acuáticos e pistas de patinaxe

### **Grupos e epígrafes do IAE Actividade Hostalería:**

671 Servizos en restaurantes

672 Servizos en cafetarías

673 Servizos en cafés e bares, con e sen comida.

674.5 Servizos Café-bar que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecementos análogos.

674.6 Servizos Café-bar que se presten en teatros e cines

674.7 Servizos Café-bar que se presten en parques e recintos feirais.

676 Servizos en Chocolatarías, xeadarías e horchatarías.

677.9 Outros servizos de alimentación propios da restauración

E para que así conste e xustificar onde conveña, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 17 de decembro de 2025.

Visto e praxe

O alcalde

J. Blas García Piñeiro

A secretaria

Lucía Artime Alonso

DATA DE SINATURA: 17/12/2025  
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A0A0D972552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretario/a  
Alcalde

NOME: Lucía Artime Alonso  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B803A7B9777E9C4F8E

